



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE  
EOI de Santiago de Compostela



**Os poemas serán interpretados na Gala que se realizará en outono, xunto coas cancións premiadas de Guadi Galego e Cláudia Pascoal, e a atribución a José Viale Moutinho do premio especial do xurado á Embaixada da amizade galego-lusófona.**

## **Rosalía Fernández Rial e Márcia fanse cos premios de poesía aRi[t]mar galiza e portugal 2020**

**Os poemas "A reflexión, da artista multidisciplinar galega, e "O verão sabe-me bem", da compositora e música portuguesa Márcia resultaron escollidos en votación popular aberta**

**Os seguintes clasificados foron os poemas da autoría de Francisco Fernández Naval (GZ) e Alexandra Santos (PT) e os terceiros de Arancha Nogueira e Samuel F. Pimenta**

**A participación bateu novamente todos os récords, tendo sido a máis alta das 6 edicións e de todas as modalidades e xunto coa rexistrada na da música contabilizou este ano máis de 10 mil votos**

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2021.- A Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela acabou de fechar o proceso de votación dos poemas finalistas do certame aRi[t]mar galiza e portugal, onde os gañadores foron a artista multidisciplinar galega Rosalía Fernández Rial, polo poema "A reflexión" (Árbores no deserto, Espiral Maior, 2020), e a compositora e música portuguesa Márcia, por "O verão sabe-me bem" (*As estradas são para ir*, Editorial Planeta, 2020).

As seguintes clasificadas foron Francisco Fernández Naval (Galiza) por "Dixeches", e Alexandra Santos (Portugal), por "As letras do teu nome" e, en terceiro lugar, Arancha Nogueira (Galiza), por "#love" e Samuel F. Pimenta (Portugal) con "Foz".

Os poemas foron escollidos por votación popular online aberta a todo o público galego e portugués e a participación superou todos os rexistros anteriores, resultando a máis alta das 6 edicións e de todas as modalidades, o que dá conta da vitalidade e popularidade da poesía. Conxuntamente cos resultados na modalidade da música, nesta edición 2021 superáronse os 10 mil votos.

Ademais das comunidades educativas e sociais da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, participaron tamén as da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, Instituto de Línguas e Ciéncias Humanas da Universidade do Minho (Braga), Escola Oficial de Idiomas de Ferrol, Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centro Cultural Portugués de Vigo-Instituto Camões e os centros do Ensino

Português pelo Camões na Galiza, e os Centros de Estudos Galegos de máis de 35 universidades do exterior, ben como centros de ensino secundario de fóra de Galiza en que se imparte galego, e o público en xeral.

aRi[t]mar galiza e portugal é un proxecto didáctico-cultural, desenvolvido inicialmente pola Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, pertencente á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, que ten por obxectivo divulgarmos a música e a poesía galego-portuguesas actuais, e achegarmos a cultura e a lingua dos dous países, no marco do desenvolvemento da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento do ensino do portugués e vínculos coa lusofonía.

Coa organización da Equipa de Dinamización da Lingua Galega e os departamentos de galego e de portugués, durante o ano lectivo trabállanse de forma didáctica os textos e as músicas e, posteriormente, escóllense mediante votación popular online as mellores cancións e poesías editadas en Galiza e en Portugal no ano anterior, neste caso en 2019. A finais de ano, os gañadores participarán nunha Gala de entrega de premios en Santiago de Compostela.

Ademais das comunidades educativas e sociais da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, participaron tamén as da Facultade de Filoloxía da USC, Instituto de Línguas e Ciéncias Humanas da Universidade do Minho (Braga), Conservatorio Profesional de Música de Santiago, Escola Oficial de Idiomas de Ferrol, Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centro Cultural Portugués de Vigo-Instituto Camões, os centros do Ensino Portugués pelo Camões na Galiza e os Centros de Estudos Galegos de máis de 35 universidades do exterior, ben como centros de ensino secundario de fóra de Galiza en que se imparte galego.

Esta iniciativa fai parte da [Rede da GaliLusofonia](#), “com os objetivos de juntar esforços, coordinar-se e cooperar na difusión de iniciativas encaminhadas a fomentar a nosa língua e cultura comuns no seu espazo natural, a Lusofonia, com grande potencial noutros campos como o económico e o institucional”.

aRi[t]mar galiza e portugal conta co patrocinio do Concello de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial da Coruña, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, así como do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e do Instituto Camões-Centro cultural Portugués de Vigo.

SAÚDOS

CONTACTO: 606383584

---

**Rosalía Fernández Rial** (Carballo-Muxía, 1988), concibiuse a través da palabra, ideando unha xénese inicial desde a literatura escrita e a linguaxe escénica. Na súa **fase filolóxica** indaga sobre teatro clásico e realiza diferentes traballos académicos vinculados ao Grupo de investigación Calderón de la Barca. Tras licenciarse inicia un período de mutación cara a **didáctica das linguas, da literatura e da expresión dramática**; primeiro no Traballo Fin de Máster e logo na súa Tese de doutoramento (a

---

pesar da cal defende que [o galego é unha "lingua ártica"](#)). En calquera caso, nese proceso de transformación intelectual, mantivo sempre unha intensa **preparación física e actoral**, mediante as que intenta interpretarse. Ademais cursou estudos de música coa especialidade de **acordeón** no Conservatorio de Carballo.

Como creadora, en especial de **poesía**, Rosalía rexenérase en cada un dos seus **libros**, entre os que destacan: *En clave de sol* (2009), *Átonos* (2011), [Vinte en escena](#) (2012), *Un mar de sensacións* (2012), [Ningún amante sabe conducir](#) (2014), *Contra-acción* (2016) ou [Sacar a bailar](#) (2016). Títulos que cos que se metamorfosea en **presentacións performánticas e musicais e que tamén foron levadas ao ámbito audiovisual**.

[Aulas sen paredes](#) (libro-DVD, 2016) é a súa obra de ensaio máis relevante, que deriva da Tese Doutoral defendida na USC o e inclúe un documental audiovisual coa intervención didáctica na que usa a expresión dramática e teatral como ferramentas pedagóxicas para o ensino e aprendizaxe de linguas. Este proxecto recibiu o premio á mellor iniciativa bibliográfica na Gala do Libro Galego 2017.

En canto á estrea narrativa da autora, produciuse con [Bonus track](#) (Ed. Galaxia, 2018); un libro de relatos curtos tecidos con letras de cancións coñecidas e derradeiras esperanzas. Na mesma editorial publica o seu último poemario, [Árbores no deserto](#), un traballo escrito desde códigos propios das artes vivas e as artes plásticas contemporáneas.

No que atinxe ao xénero dramático, destaca a escrita de "[A lúa, válvula de spray](#)", unha ficción sonora a través das rúas de Carballo dirixida por Quico Cadaval, interpretada por Melania Cruz, María Roja e Santi Romay, editada por Marcos PTT e producida por LIDISS para o FIOT (Festival Internacional de Outono de Teatro).

Unha vez personificada, Rosalía pasa da grafía á acción e actualmente está a desenvolver diversos proxectos nos que fusiona, evolucionadas, as dimensións literaria, corporal, escénica e experimental. Amálgama que lle permite aliar os seus seres baixo a sólida existencia dunha peza artística; única identidade importante.

Fonte: [www.rosaliafernandezrial.com](http://www.rosaliafernandezrial.com)

**Márcia** é seguramente um dos talentos maiores da composição em língua portuguesa.

Os seus discos atestam isso mesmo. Início com o EP "**A Pele que Há em Mim**", seguiu-se "**Dá**", "**Casulo**", "**Quarto Crescente**" e "**Vai e Vem**", editado em 2018.

Este último registo é precisamente o mais recente trabalho da viagem da compositora de excelência, que inclusive já escreveu para outros artistas como **Ana Moura**, **António Zambujo** e **Sérgio Godinho**, entre outros.

Autora de temas intemporais como "**A Insatisfação**", "**Cabra Cega**" e "**Tempestade**" apresenta em 2019 um espectáculo impactante em que as suas canções são pautadas por uma narrativa de vídeo e luz muito personalizada.

Fonte: [www.marcia.pt](http://www.marcia.pt)

---

## A REFLEXIÓN

Detrás do espello  
todas eramos a mesma muller,  
núa,  
interrogativa,  
reclamándolle respostas  
á realidade.  
Ninguén vai chamar por nós?  
Ninguén —silencio —.  
Porque sodes a mesma muller sen rostro,  
sen nome.  
E se nos creamos?  
Que cada unha  
se debuxe da forma que queira.  
E foi así como demos a luz  
os nosos lenzos,  
soñando pincel,  
imaxinando cores,  
a grande escala.  
Foi así como  
comezamos a parirnos...  
Ata nacer  
entre os marcos ceibes  
da fantasía feminina.  
Así hoxe vexo,  
nos seus ollos,  
que o teu retrato  
son eu.

Rosalía Fernández Rial, *Árbores no deserto*, Galaxia, 2020

---

O verão sabe-me bem.  
Gosto do calor que entra, d  
a face quando fica iluminada  
gosto de ter luz nos olhos  
e gosto de ficar parada.

Quando o sono não vem,  
e aquelas noites não se arrefecem,  
é com o verão que sonho.  
Aquieta-me, o quente.  
Nem preciso falar.

Basta ficar a olhar  
a linha torta dos montes  
com o calor dos horizontes  
para tudo se endireitar.

Márcia. *As estradas são para ir*. Editorial Planeta, 2020.

---